

# ESTATUTOS DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES

## CAPÍTULO I

### DA ASOCIACIÓN EN XERAL

**ARTIGO 1.** - O Centro Veciñal e Cultural de Valladares, ten capacidade xurídica e de obrar en orde ó cumprimento dos seus fins de acordo coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

**ARTIGO 2.** - Son fins principais da asociación:

1º. Dar ó tempo libre un emprego digno, que, sen suprimi-lo honesto tempo de lecer, contribúa ó perfeccionamento intelectual, estético, deportivo e social das xentes.

2º. Intensificar e estreita-los lazos de convivencia entre as/os súas/seus asociadas/os, mediante o trato frecuente e o cultivo debidamente orientado e estimulado da comprensión e o respecto mutuo, o diálogo e a tolerancia.

3º. Organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

4º. Dentro das normas e cauces legalmente establecidos, promover así mesmo cantas iniciativas sexan conducentes á solución dos problemas colectivos que afecten a realización integral das/dos veciñas/os como persoas humanas.

5º. Asumi-la defensa dos intereses das/dos veciñas/os en canto resulten afectados pola actuación pública ou privada en materia de urbanismo, infraestructuras, etc., exercitando ó efecto cantas accións e excepcións poidan corresponder a un ou varios dos seus asociados, ante calquera clase de Organismo Público ou Xurídico, podendo ó efecto da-los necesarios poderes xerais para preitos usuais neste tipo de documentos. Para isto poderanse solicita-los asesoramentos necesarios para os fins citados e expoñelos ás/ós asociadas/os de forma individual e colectiva, adoptando á vista dos mesmos os acordos que procedan.

6º. Atender ós sectores sociais máis desfavorecidos (3ª Idade, Muller, Xuventude, Marxinados, Drogodependentes e en xeral todos aqueles que poidan necesitar da axuda desta Asociación), para o cal prestaranse todo tipo de servizos que lle poidan ser de utilidade ademais das actividades encamiñadas a realizar e facilitar a integración social.

7º.- Educar e formar ás nosas/os socias/os e veciñas/os, preferentemente en tódolos ámbitos do saber, pondo en marcha para isto todo tipo de accións tendentes a alcanzar este fin, tales como:

- Iniciar e perfecciona-la aprendizaxe e o uso da lingua galega.
- Impartir cursos e cursiños que ocupen o tempo libre.
- Realizar labores de alfabetización e educación de adultos, encamiñados a que os alumnos obteñan unha titulación oficial (Graduado en ESO e outros).
- Pór en marcha cursos de formación ocupacional e outros que capaciten ás/ós asistentes para poder desenvolverse no mundo laboral.
- Instalar escolas culturais (música, teatro, folclore, etc.) que instrúan nas distintas artes.
- Acoller cativos dende os primeiros meses de vida para entretelos e ensinalles a da-los seus primeiros pasos na sociedade.

8º.- Promove-la cooperación cultural, social, humanitaria, económica etc., coas persoas e pobos máis desfavorecidos tanto dentro como fóra das nosas fronteiras; así como fomenta-la solidariedade con quen sofre privación de liberdades ou padece as consecuencias das guerras, catástrofes ou penurias en xeral, e tamén prestarlle axuda humana e xurídica os que se atopan en xuízos ou no cárcere por participar na defensa dos intereses colectivos, defensa da natureza ou por erros cometidos.

9º.- Promover programas de educación así como defende-los veciñas/os-socias/os en tódolos aspectos relativos ó consumo.

10º.- Por ser Valladares punto de paso do Camiño Portugués que ten como destino Santiago consideramos que entra dentro dos nosos cometidos preocuparnos pola súa conservación así como realizar e promover todo tipo de actividades (culturais, sociais, etc.) que difundan o espírito e a razón de ser do Camiño de Santiago.

11º.- Facilita-lo achegamento dos emigrantes ou familiares que se atopan fóra do noso territorio á realidade sociocultural actual da parroquia, promovendo e pondo en marcha actividades ou servizos que posibiliten este obxectivo, tales como:

- Intercambios culturais.
- Programas de axuda a emigrantes retornados.
- Desenvolver, se fose o caso, proxectos asistenciais para familias con vínculos a Valladares que, estando nunha situación socioeconómica precaria, o necesiten.

12º.- Desenvolver todo tipo de accións que faciliten ás/os veciñas/os-asociadas/os, preferentemente, a consecución dun emprego; para isto poderemos pór en marcha actividades como:

- Servizo de emprego.
- Oficina de Relacións Laborais.
- Áreas de autoemprego.
- Cursos de busca de emprego, de cooperativismo e outros.
- Programa de desenvolvemento local e rural.
- Convenios co INEM ou outras institucións para a realización de traballos sociais, etc.
- Convenios co Servizo Galego de Colocación, etc.
- Calquera outro que nos permita facilitar unha colocación ás/os desempregadas/os.

13º.- Facilita-la democratización do acceso ás novas redes de telecomunicación e a tecnoloxía, na medida do posible, a tódalas/os socias/os-veciñas/os que nos permitan os medios técnicos e económicos dos que dispoñamos.

14º.- Desenvolver programas de investigación propios ou en colaboración, nos eidos socioculturais, así como outorgar, dentro das nosas posibilidades, bolsas para veciñas/os-asociadas/os que lles permitan levar adiante os estudos que estean cursando.

15º.- Fomenta-lo voluntariado social e cultural entre toda a veciñanza.

16º.- Defende-lo Patrimonio Histórico da Parroquia e velar pola conservación da identidade xeográfica, cultural e social de Valladares.

17º.- Promover e realizar actividades de carácter Formativo, Educativo, Deportivo, Turístico, Medioambiental, Cultural, de Dinamización e de Intervención Social que teñan como destinatarios a distintos sectores da poboación, como puideran ser: o empresariado, a mocidade, as mulleres, as vítimas de violencia de xénero, a 3ª Idade, @s discapacidad@s, @s desfavorecid@s / marxinad@s, @s migrantes (emigrantes, inmigrantes), @s enferm@s,... e as persoas en risco de exclusión social en xeral.

18º.- Realizar labores de defensa da natureza (fauna, flora...), en especial propia da nosa parroquia, así como desenvolver programas educativos medioambientais, agrícolas ou calquera acción que contribúa á mellora do entorno parroquial.

19º.- Pór en marcha calquera tipo de servizo cultural ou social que se nos demande por parte das/dos veciñas/os-asociadas/os, sempre que non sexa incompatible cos nosos fins. Considerando o desenvolvemento e consecución dos fins sinalados, a Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares, disporá das Comisións que considere oportunas desenvolver.

20º.-Das actividades propias do Centro poderán beneficiarse tanto as/os socias/os coma as demais persoas que así o desexen, sendo obrigación da Xunta Directiva velar para que as/os asociadas/os teñan certas vantaxes á hora de acceder a elas ó respecto de quen non o son. En todo caso as actividades que faga a asociación por medio de subvencións, convenios, patrocinios ou colaboracións, coas administracións públicas, ( Local, Provincial, Autonómica, Estatal, Europea) serán abertas a todas aquelas persoas que así o soliciten, segundo as normas que estableza a administración pública correspondente.

21º.-Estando especificamente excluídos os fins políticos ou relixiosos dentro dos que persigue a asociación, non poderá ser utilizada con fins partidistas, relixiosos, sectarios ou sectoriais.

22º.- A defensa dos dereitos das mulleres e a denuncia de malos tratos e a violencia de xénero.

23º.- Para ser posible adaptar e concretar os fins desta asociación no artigo 51 da Constitución e lexislación que o desenvolve especificanse os obxectivos para fomenta-la educación, información, defensa, representación e promoción dos dereitos das/dos consumidoras/es e usuarias/os:.

- Protección contra os riscos que poidan afectar a saúde e seguridade.
- Indemnización ou reparación dos prexuízos sufridos.
- Información correcta sobre diferentes produtos, así coma a educación e divulgación para facilita-lo correcto uso, consumo e aproveitamento.
- Participación nos procedementos de elaboración de disposicións xerais que afecten ás/os consumidoras/es, exercitando a representación da defensa dos intereses das/os consumidoras/es.
- Protección xurídica, administrativa e técnica das situacións de inferioridade, subordinación ou indefensión.

A protección prioritaria dos dereitos das/dos consumidoras/es e usuarias/os cando sexan produtos ou servizos de uso común e xeral.

24º.- Traballar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes e polo desterro de calquera tipo de discriminación por sexo que se poida producir, tanto dentro da entidade, como da sociedade na que vivimos, polo que se promoverá e potenciará a participación e a presenza das mulleres en todas as nosas áreas de actuación e na vida social en xeral.

25º.- No que respecta ás seccións deportivas, promover a práctica deportiva, os hábitos e un estilo de vida saudable, polo que a entidade poderá por en marcha distintas seccións deportivas que sexan demandadas pola veciñanza, que recollan a practicantes desa disciplina que xa puidera ser cultivada na nosa parroquia ou nun entorno próximo ou porque teñan certa tradición na contorna, como poidan ser: a de fútbol, a de fútbol sala (que poderían ir conxuntas), a de Balonmán, a de Billar, a de Tenis de mesa, a de Bolos Celtas, a de Ciclismo, a de Chave e Petanca, a de Patinaxe, a de Pedestrismo, a de Cachibol, a de Baile Deportivo, a de Atletismo e/ou Montañismo, a de Xadrez, a de Jugger, a de Ximnasia,.. ou calquera outra que poida plantexarse nun futuro.

Estas sección serán de ámbito autonómico e a elas poderán incorporarse @s asociad@s que queiran competir en campionatos / torneos oficiais e que deberán de cumprir cos requisitos establecidos na Lei 3/2012 do 2 de abril do deporte de Galicia e no decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

**ARTIGO 3** - A lingua galega será o idioma que o Centro Veciñal e Cultural de Valladares utilizará nas súas comunicacións coas/cos socias/os e co público en xeral.

**ARTIGO 4.** - O enderezo principal do Centro Veciñal e Cultural de Valladares fíxase na Estrada Xeral de Valladares número, 233. Distrito Postal 36314. Na cidade de Vigo. Poderanse utilizar outros locais asociativos, mediante acordo da Asemblea Xeral, que terá atribucións para cambiar , tanto o domicilio coma os locais , dando conta do seu acordo ó organismo encargado do rexistro de asociacións.

**ARTIGO 5.** - A asociación en funcións dos seus fins e da situación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial do barrios que forman a parroquia. Non obstante, de xeito extraordinario podería estenderse ó Concello de Vigo ou a calquera outro punto de Galicia.

**ARTIGO 6.** – A duración desta asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente

**ARTIGO 7.** – A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da constitución e o resto do ordenamento xurídico.

## **CAPÍTULO II DAS/DOS SOCIAS/OS**

**ARTIGO 8.** – Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, con plena capacidade para obrar ou tralo acordo do órgano competente no caso da persoa xurídica privada e do órgano rector na de natureza institucional. As xurídicas terán, a través do seu representante legal, os mesmos dereitos e obrigas que a/o socia/o de número e sempre o fará en pé de igualdade para evitar posicións de dominio no funcionamento da asociación.

**ARTIGO 9.** - O número de socias/os non terá limitación ningunha.

**ARTIGO 10.-** Dentro da asociación poderán existi-las seguintes clases de asociadas/os:

- a) Fundadoras/es, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional
- b) De número, aquelas/es que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional
- c) Honorarias/os ou colaboradoras/es, aquelas persoas físicas ou xurídicas, que a proposta da Xunta directiva e contando coa aprobación da Asemblea Xeral axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.
- d) Xuvenís, aquelas persoas menores de 18 anos que participen na asociación, que estarán integradas e representadas pola sección xuvenil, nomeada “Xuntanza Xuvenil do CVC Valladares”
- e) Protexidas/os, aquelas persoas que por atravesaren dificultades económicas ou de saúde non poidan facer fronte ás cotas sociais que se estipulen en cada momento. Estes poderán ser temporais ou permanentes e sempre a expensas dos criterios que poña a Xunta Directiva en cada momento.

**ARTIGO 11.** - Serán socias/os todas aquelas persoas que soliciten da Xunta Directiva a súa admisión.

\*As socias/os non residentes na Parroquia de Valladares non poderán beneficiarse do apartado 5º do Artigo 2º. Excepto cando defendan intereses patrimoniais de Valladares. As/os veciñas/os ó solicitalo seu ingreso no Centro Veciñal e Cultural de Valladares aceptan integramente o disposto nestes Estatutos, así como os Regulamentos e demais disposicións que, para o seu desenvolvemento, se dicten. Toda solicitude de admisión requirirá un período de tramitación non superior a trinta días e a posterior aprobación pola Xunta Directiva. Da decisión desta darase conta por escrito á/o interesada/o. De non darse resposta desfavorable nese prazo entenderase como admitida/o a/o socia/o. A Xunta Directiva igualmente dará conta a Asemblea Xeral das altas e baixas producidas.

**ARTIGO 12.** - O acordo polo que se denegue, no seu caso, a solicitude de ingreso será comunicado por escrito á/o interesada/o nun prazo non superior ós trinta días , trala data da solicitude, podendo, non obstante, a/o aspirante recorrer ante a Xunta Directiva. En caso de que fose denegado este recurso poderá recorrer perante a seguinte Asemblea Xeral.

**ARTIGO 13.-** As/os socias/os terán dereito a:

1. Beneficiarse dos servizos e demais vantaxes que se deriven da pertenza ó Centro Veciñal e Cultural de Valladares así como a exercer cantos dereitos teñan recoñecidos nestes Estatutos, que se acorden polos Órganos Directivos ou que a Lei lles outorgue.

2. Asistir con voz e voto ás Asembleas Xerais, podendo designar ou ser designadas/os para desempeñar cargos nos distintos órganos, tanto directivos como doutro tipo, que dentro da Entidade existan.

3. Efectuar por escrito queixas, reclamacións ou suxestións á Xunta Directiva para o cal será preciso ter 18 anos cumpridos e plena capacidade xurídica para obrar.

4. As/os asociadas/os honorarias/os, e xuvenís non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, pero están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz pero sen voto.

5. A/o socia/o poderá delega-lo seu voto na persoa que designe, sempre que esta sexa maior de idade e tendo presente que só se admitirá un voto delegado por socia/o.

**ARTIGO 14.-** As/os socias/os deberán, ademais do disposto no Artigo 12º acatar na forma prevista os lexítimos acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva; satisface-las cotas que se fixen por aquela e proceder para coas demais socias/os con absoluta cordialidade.

**ARTIGO 15. -** As/os socias/os causarán baixa no C.V.C.V. por algunha das seguintes causas:

1. Por renuncia voluntaria, presentada por escrito á Xunta Directiva.

2. Por falta de pago da cota ordinaria por dúas veces, tras térselle comunicado por escrito ó menos unha vez, ou ben por negativa ou resistencia a satisfacer calquera contribución extraordinaria acordada na Asemblea Xeral, tras ser estudada, en ambos casos a xustificación presentada e non poderá volver a solicita-la alta como socia/o nun prazo de tres anos a partir da data de baixa.

3. Por acordo da Xunta Directiva, escrito e motivado cando a/o socia/o, por realizar calquera acto ou omisión voluntaria en prexuízo do labor ou obxecto do Centro Veciñal e Cultural de Valladares fixérase acredor de tal sanción. Neste caso haberá de concederse á/o asociada/o posibilidade de descargo por escrito e oído nun prazo de quince días. Así mesmo, neste caso de baixa non poderá volver solicita-la alta como socia/o nun prazo de tres anos a partir da data en que a mesma se fixera efectiva.

4. Por falecemento.

**ARTIGO 16. -** Contra o acordo da Xunta Directiva, a/o socia/o dada/o de baixa poderá recorrer á Asemblea.

**ARTIGO 17. -** A baixa definitiva dunha/dun socia/o, sexa calquera a causa que a producira, traerá consigo a perda de tódolos dereitos que como tal tiña no Centro Veciñal e Cultural de Valladares agás o contemplado no artigo 18.

**ARTIGO 18.-** A viúva ou viúvo que o desexe poderá conserva-lo número da socia ou socio finada/o e os dereitos que implica, sempre que sexa solicitado por escrito á Xunta Directiva nun prazo máximo de seis meses dende o pasamento. Así mesmo poderase transmiti-lo número entre cónxuxes ou membros da parella, previa petición á Xunta Directiva.

### **CAPÍTULO III**

#### **ADMINISTRACIÓN E ÓRGANOS DIRECTIVOS**

**ARTIGO 19. -** Serán Órganos Rectores do Centro Veciñal e Cultural de Valladares:

A) A ASEMBLEA XERAL das/dos asociadas/os (órgano superior do C.V.C.V.) cando con carácter ordinario ou extraordinario, se reúna.

B) A XUNTA DIRECTIVA, quen, en representación da anterior, levará a práctica os seus acordos e ostentará as atribucións que se detallan nestes Estatutos.

#### **ASEMBLEA XERAL**

**ARTIGO 20. -** As Asembleas Xerais serán: Ordinarias e Extraordinarias.

A Asemblea Ordinaria reunirase unha vez ó ano e, a Asemblea Extraordinaria, cando o xulgue oportuno a Xunta Directiva, aconsélleno razóns urxentes ou o soliciten por escrito un número de socias/os maior dun tercio, con expresión dos fins a tratar en dita Asemblea Xeral. En todo caso a convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria será necesaria para proceder a modificación dos Estatutos Sociais, disolución da Xunta Directiva ou calquera outra índole excepcional que a xuízo da Xunta Directiva así o requira.

**ARTIGO 21. -** A Xunta Directiva convocará a Asemblea Xeral Ordinaria con quince días de antelación como mínimo e a Extraordinaria co maior prazo de tempo posible, sen que poida ser inferior a 48 HORAS, mediante comunicación dirixida a tódolos membros da Sociedade, na cal figurará a orde do día da Asemblea, data e lugar da reunión. Dita comunicación farase polos medios que se consideren máis eficaces.

**ARTIGO 22. -** A Asemblea Xeral terá as seguintes facultades:

1.- Modificar total ou parcialmente os Estatutos.

2.- Coñecemento e votación de cantos asuntos se refiren a Asociación e sobre os que a mesma crea conveniente decidir.

3.- Aprobación de orzamentos e estado de contas.

4.- Aprobación dos cargos da Xunta Directiva que proceda a renovar ou designar.

5.- Aprobación de plans e proxectos para a realización dos fins da Xunta Directiva cando así o estime a mesma.

6.- Coñecemento e resolución dos recursos presentados contra os acordos da Xunta Directiva, que sexan susceptibles de impugnación.

7.- Nomear auditores e censores.

**ARTIGO 23.-** A Orde do día da Asemblea Xeral Ordinaria conterá: a lectura da Acta da reunión anterior e da memoria anual prevista estatutariamente, na que a Xunta Directiva, haberá de dar conta da súa xestión e do estado de contas da Entidade que someterá a exame e aprobación, no seu caso, dos cargos da Xunta Directiva, que no seu momento deban renovarse ou estean vacantes. Figurarán tamén as propostas da Xunta Directiva, así como as presentadas polas socias/os por escrito, con CINCO días de antelación na Secretaría da Asociación. Por último, existirá un quenda de pregos e inquéritos relacionados co motivo da reunión.

**ARTIGO 24.-** A Orde do día da Asemblea Xeral Extraordinaria comporase da exposición o máis clara e concisa posible, do motivo da convocatoria da Asemblea, continuándose esta coa deliberación e votación se fose preciso, dos acordos a adoptar.

**ARTIGO 25.-** Serán Presidenta/e e Secretaria/o das Asembleas Xerais, os que o sexan da Xunta Directiva.

**ARTIGO 26. -** Para a validez da constitución da Asemblea Xeral, será necesaria a asistencia, presentes ou representados dun tercio dos asociados en primeira convocatoria e das/dos socias/os presentes en segunda convocatoria.

**ARTIGO 27. -** Os acordos serán tomados pola maioría simple das/dos presentes ou representadas/dos en votación de calquera tipo. Nembargantes requirirán a maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, os acordos relativos á disolución da asociación, modificación dos estatutos, establecemento de cotas ou achegas extraordinarias e alleamento de bens.

**ARTIGO 28. -** As actas das Asembleas ademais das decisións tomadas, deberán expoñer fiel e concisamente as opinións expostas polas/os socias/os. Poderase facer constar na Acta textualmente calquera proposta cando o proponente así o pida e a Asemblea o considere importante.

## **XUNTA DIRECTIVA**

**ARTIGO 29. -** A Xunta Directiva da Asociación poderá estar composta polos seguintes cargos que serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a seren reembolsados dos gastos debidamente xustificandos.

- Presidenta/e
- Vicepresidenta/e (1º, 2º, 3º, 4º, etc. tantas/os como comisións se establezan nas que exercerán como presidenta/e).
- Secretaria/o
- Vicesecretaria/o
- Tesoureira/o
- Vicetesoureira/o
- Vocais

**ARTIGO 30.-** A elección da Xunta Directiva efectuarase na Asemblea Xeral de Socias/os, mediante votación maioritaria dos presentes, sendo a elixida a que máis votos obteña, das listas pechadas presentadas a tal fin, que estarán conformados por un mínimo de 10 socias/os de número, na que figurarán reflectidos alomenos os seguintes cargos: Presidenta/e, Vicepresidenta/e, Tesoureira/o e Secretaria/o (os postos de Vicesecretaria/o e Vicetesoureira/o son opcionais). De tódolos compoñentes da candidatura aparecerá : o número de socia/o e o número do documento de identidade. Para poder formar parte da candidatura deberán estar dadas/os de alta na asociación a día un de xaneiro do ano anterior ó da celebración da Asemblea. As candidaturas presentaranse, asinadas por tódolos membros, nun prazo non inferior a 5 días antes da celebración da primeira convocatoria da Asemblea Xeral.

A continuación tomará posesión a nova xunta Directiva elixida pola Asemblea Xeral. Esta poderá engadir nela a aquel@s socias/os de número ou parella respectiva do mesmo, de ser o caso, que se estime oportuno para completa-las áreas de traballo e comunicarllo á Consellería de Xustiza e Relacións Laborais ou a quen corresponda, aparte de expola no taboleiro de anuncios unha vez estea consumada.

A Xunta directiva saínte ou calquera dos seus membros poderán ser reelixidos presentando a súa candidatura ou indo noutras candidaturas.

A Xunta Directiva cesará no seu mandato, ós dous anos da toma de posesión.

**ARTIGO 31.-** No suposto de que non se presentase ningunha candidatura, continuaría en funcións alomenos o 50% da composición da Xunta Directiva, sen que poidan dimitir ó mesmo tempo a/o Presidenta/e e a/o Vicepresidenta/e, nin a/o Secretaria/o e a/o Tesoureira/o, quedando encargada esta de completar os restantes postos directivos no prazo de 5 meses. Se neste período de tempo non se dese conseguido, convocaríase unha Asemblea Xeral Extraordinaria no prazo máximo dun mes para elixir nova Xunta Directiva. De non aparecer neste novo emprazamento candidatura algunha nos seguintes oito días convocaríase unha nova Asemblea Xeral Extraordinaria, neste caso para a formación dunha Xunta Xestora.

**ARTIGO 32. –** Os cargos da Xunta directiva cesarán na súa función polas seguintes causas:

1. por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva
2. por expiración do mandato
3. por incumprimento das obrigas que tiña encomendadas

Nos casos 1) e 2) continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación de quen os substitúa.

En caso de ausencia, enfermidade, dimisión ou vacante de calquera dos membros da Xunta Directiva, estes serán substituídos provisionalmente da seguinte forma: A/o Presidenta/e pola/o Vicepresidenta/e que corresponda por orde, e a súa vez a/o Secretaria/o pola/o Vicesecretaria/o e a/o Tesoureira/o pola/o Vicetesoureira/o. De ditas substitucións dará conta a Xunta Directiva á primeira Asemblea na próxima reunión que se celebre.

**ARTIGO 33. -** A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- 1.- Exerce-la representación legal da Asociación, sendo a súa vez representada pola/o Presidenta/e.
- 2.- Asesorarse nos casos que así o xulgue conveniente ou necesario para a mellor realización dos fins da asociación.

3.- Coida-lo cumprimento dos presentes Estatutos e demais normas en vigor, así como propor, no seu caso, a modificación dos mesmos á Asemblea Xeral.

4.- Resolver sobre a admisión ou baixa das/dos socias/os, nos termos establecidos no Capítulo II destes Estatutos, así como sobre as queixas, reclamacións ou suxestións que estes formulen.

5.- Convoca-la Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria a elección dos cargos da Xunta Directiva, organiza-los servizos da Xunta Directiva, designa-las/os responsables dos Comités e en xeral, realizar cantos actos tendentes á boa administración da Entidade véñanlle atribuídos nos presentes Estatutos.

6.- Executa-los acordos tomados na Asemblea Xeral.

7.-Decidir provisionalmente sobre a pertenza ou adhesión a federacións ou outro tipo de asociacións, a expensas de ser ratificada na seguinte Asemblea Xeral.

8.- Promover e por en marcha seccións deportivas dentro da entidade, que cumpran cos procedementos e a normativa legal que as regule en cada momento

**ARTIGO 34.** - No caso de que algún dos membros da Xunta Directiva incorrera nalgunha das faltas contidas nos parágrafos 2 e 3 do artigo 15º, corresponderá á/o Presidenta/e, e sendo esta/e o infractor, ó resto da Xunta Directiva, ordenar inmediata apertura de información e se así o crese oportuno a Xunta Directiva, a substitución da/do Presidenta/e ou membro, da forma que estatutariamente corresponde, a reserva da decisión que ó respecto adopte a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto independentemente de que dita falta constituía ou non, ademais, a causa de expulsión como socio. Idéntica decisión será competencia da Xunta Directiva no caso de manifesta incapacidade ou incompatibilidade dunha/dun membro da Xunta Directiva, co seu cargo, falta de interese no desempeño do mesmo, inasistencia non xustificada a tres reunións consecutivas da Xunta, ou a seis alternas no transcurso dun ano, ou calquera outra deficiencia que ó seu xuízo constituía causa suficiente para a súa substitución sempre a espera do criterio da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto.

En calquera dos casos expresados neste artigo, a Asemblea Xeral Extraordinaria, será convocada cando a Xunta Directiva o considere oportuno

**ARTIGO 35.** - A Xunta reunirse polo menos unha vez ó mes ou sempre que o solicite un tercio da Xunta Directiva, sendo convocada pola/o Presidenta/e

**ARTIGO 36.** - A validez dos acordos da Xunta Directiva supeditaránse á asistencia de ó menos a metade máis un dos seus membros, incluíndo a/o Presidenta/e neles. Ditos acordos tomaránse por maioría absoluta en 1ª e por maioría simple en 2ª votación, podendo o voto do presidente resolve-los empates. No caso de inasistencia dalgún membro da Xunta, este comunicará á/o Secretaria/o as causas da mesma coa debida antelación. As reunións da Xunta tratarán sobre asuntos que marque a orde do día, existindo ó final da mesma un quenda de pregos e inquéritos.

A deliberación e votación farase tamén na mesma Xunta. En casos de extrema urxencia poderá constituírse unha Comisión Permanente, formada pola/o Presidenta/e, a/o Secretaria/o ou a/o Tesoureira/o e 2 vocais, en caso de imposibilidade de celebración da Xunta no momento oportuno. Dita comisión poderá adoptar decisións de carácter urxente e inaprazables, sendo sometidas posteriormente á aprobación da Xunta Directiva.

**ARTIGO 37.** - A Xunta Directiva sinalará o persoal que estime idóneo para levar a cabo os servizos, tanto de índole interno coma técnicos, que sexan necesarios para a Asociación, así como a correspondente remuneración. Poderá crea-la figura da/do xestora/or-xerente para levar a cabo as tarefas administrativas que lle sexan encomendadas pola Xunta Directiva. Corresponderá así mesmo á Xunta Directiva a aprobación e aboamento de toda clase de servizos, honorarios, dereitos etc., relacionados cos fins da Entidade, así como a colocación do seu activo na forma financeira que estime axeitada ós seus intereses económicos. Da inversión de fondos sociais elaborárase anualmente pola Xunta, en cantas ocasións o decida a Asemblea Xeral, o correspondente estado de contas para o coñecemento xeral e aprobación das/dos socias/os. Esta asociación acóllese ós posibles beneficios de calquera índole que se recollan na Lei 49/2002, de 23 de decembro, do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos ó mecenado.

**ARTIGO 38.** - Os acordos da Xunta serán executivos, debendo dar coñecemento da súa xestión e decisións ante a Asemblea Xeral, oportunamente convocada. Nos asuntos de importancia deberá a Xunta dirixirse ás/ós socias/os por medio de circulares, informes, avisos, etc.

**ARTIGO 39.** - Cando o número de socias/os así o esixa, a Xunta Directiva poderá crear Consellos por zonas que terán representación na Xunta Directiva e nos diversos Comités de carácter asesor

**ARTIGO 40.** –

DA/DO PRESIDENTA/E:

Representará á Asociación, á Xunta Directiva e á Entidade. Exercendo con plenas facultades nos casos oportunos.

Corresponde á/o Presidenta/e, ademais, convocar e presidi-la Xunta Directiva e delega-la representación da entidade sobre as persoas físicas que procedan, coa amplitude que a lei require; adoptar medidas que considere axeitadas para o mellor goberno, réxime e administración da sociedade cando exista unha situación de urxencia que impida a normal celebración da Xunta Directiva, sen prexuízo da posterior comunicación a esta de ditas medidas, coida-lo cumprimento dos Estatutos e dos acordos tomados polos Órganos Directivos; subscribir coa/co secretaria/o as Actas das Sesións e cantos documentos proveñan da Xunta Directiva; ordenar cobros e pagamentos; supervisa-los documentos de Tesourería e en xeral cantas funcións se atribúan comunmente á Presidencia.

#### **ARTIGO 41. -**

DA/DO VICEPRESIDENTA/E:

Corresponderanlle as funcións atribuídas á/ó Presidenta/e, cando por ausencia, enfermidade, dimisión ou vacante o substitúa, en todo caso deberá auxiliar á/ó Presidenta/e cando esta/e o requira.

#### **ARTIGO 42. -**

DA/DO SECRETARIA/O:

Corresponderalle levar libros, documentos e selos da Xunta Directiva, excepto os libros de contabilidade; levar o día o rexistro de socias/os, dando conta do cal ó Tesoureiro, redactar e asina-las actas das asembleas e reunións da Xunta Directiva; librar certificados con relación ós libros e documentos da Asociación, mante-la correspondencia da mesma e en xeral cantas accións se atribúen comunmente ó cargo de secretario.

#### **ARTIGO 43. -**

DA/O TESOUREIRA/O:

Terá os seguintes cometidos:

- a) Efectua-la recadación de cotas.
- b) Face-los pagos ordenados pola/o Presidenta/e.
- c) Verifica-las anotacións contables imprescindibles para coñecer, en todo momento, a situación económica do Centro.
- d) Redactar un estado de contas anual, que pasará a supervisión da/do Presidenta/e, quen a súa vez, presentaráo a Xunta Directiva para que o eleve, no seu caso, á Asemblea Xeral.
- e) Confecciona-lo inventario de bens de toda clase e o proxecto de orzamento anual de ingresos e gastos, que deberá estar preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

#### **ARTIGO 44. -**

DOS VOCAIS:

Realizar programas e propostas na súa área de actuación, dar conta á/ó Presidenta/e da súa xestión normal e da extraordinaria que lle fora encomendada e en xeral, as misións que son inherentes a tal cargo; así como a asistencia ás reunións da Xunta Directiva.

### **CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO**

**ARTIGO 45.-** O Centro Veciñal e Cultural de Valladares conta cun patrimonio de 118.418 €

**ARTIGO 46.-** A asociación levará os libros de actas, caixa, rexistro e calquera outro fixado por lei. Funcionará en réxime de orzamento anual. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

**ARTIGO 47.-** A asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas das socioas/os
2. As doazóns, subvencións, ou legados que poidan percibir pública ou privadamente
3. As rendas que poidan producir os seus bens, actividades propias e servizos prestados
4. As achegas extraordinarias que en casos excepcionais e a xuízo da Asemblea Xeral poidan ser solicitadas ás/ós socias/os.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas

**ARTIGO 48.-** As cotas serán fixadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.

**ARTIGO 49.-** Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a asociación os teña depositados, alomenos a/o Presidenta/e e a/o Tesoureira/o terán recoñecidas as súas sinaturas na entidade bancaria correspondente para a utilización conxunta deles, sen que se admitan pagos sen a sinatura de cando menos dous dos cargos con sinatura recoñecida.

**ARTIGO 50.-** Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre as/os asociadas/os os recursos obtidos pola asociación.

**ARTIGO 51.-** A Administración e disposición dos fondos sociais correspondera á Xunta Directiva da forma prevista estatutariamente.

**ARTIGO 52.-** O Centro Veciñal e Cultural poderá, a través da Xunta Directiva, representada polo Presidente, e dando conta a Asemblea Xeral conceder ou solicitar e formalizar préstamos e pólizas de crédito por un importe de ata un dez por cento do orzamento do ano en curso de calquera persoa física e xurídica, pública ou privada, co destino, garantía e condicións que en cada caso se determinen. Gozará de capacidade xurídica bastante para obrigarse de calquera forma admitida en Dereito, así entre outras: realizar operacións de compravenda, arrendar servizos a empresas ou particulares, crear ou fomentar cooperativas de servizos e/ou Fundacións, tomar

participacións en sociedades creadas ou de nova creación, etc. Comprometendo nilo o seu patrimonio a través das sociedades participadas pola asociación, esta poderá participar en iniciativas públicas e privadas presentándose a concursos públicos ela soa ou en asociación con outras (UTES, AIEs, etc).

En todo caso calquera compra ou venda que afecte ó patrimonio deberá ser aprobada nunha Asemblea Xeral, ben sexa Ordinaria ou Extraordinaria.

## **CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

**ARTIGO 53.-** O regulamento de réxime interno, se é o caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, non podendo ir en ningún caso contra o estipulado neles. En todo caso o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

## **CAPÍTULO VI DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

**ARTIGO 54.-** A Asociación so poderá disolverse por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria de asociadas/os, expresamente convocada para este fin, tal acordo non terá validez se non é adoptado por maioría absoluta de votos presentes. A Asemblea Xeral non poderá acorda-la disolución mentres un mínimo do 25% das/dos socias/os estean dispostos a continua-la vida da Asociación e se comprometan por escrito a sostela economicamente, facéndose cargo da totalidade de responsabilidades sociais e económicas existentes.

**ARTIGO 55.-** En caso de disolución do Centro Veciñal e Cultural de Valladares, actuará unha comisión liquidadora que ó efecto será designada, que procederá ó alleamento dos bens sociais na forma que pesen sobre a Entidade, pasando o sobranse, se o houbese, ó Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares ou calquera outra entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma, especialmente representativa da parroquia de Valladares e no seu defecto ó Concello de Vigo.

## **CAPITULO VII CUESTIÓN NON PREVISTAS:**

**ARTIGO 56. -** A Xunta Directiva queda facultada para interpreta-los presentes Estatutos e para resolver calquera cuestión non prevista neles, dando conta para a súa aprobación a primeira Asemblea Xeral que se celebre posteriormente.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións aprobadas na Asemblea xeral extraordinaria celebrada en data 20 de maio do 2018 e coas maiorías previstas nos estatutos da asociación.